

Proxecto de investigación

Estudo das toxinas en moluscos bivalvos. As mareas vermellas

As mareas vermellas son episodios espectaculares nos que o mar se tingue desa cor. Na costa coñécense co nome de purgas de mar e están causadas polo crecemento elevado dalgúns tipos de fitoplancto. Aínda que non son sempre tóxicas, as mareas vermellas poden ir relacionadas coa existencia de toxinas que obrigan a pechar a produción de distintos tipos de moluscos.



[Domino público](#)

1. Analizamos os recursos dos que dispoñemos e o problema.
Precisaremos da información que nos achega Intecmar no seguinte enlace ([aquí](#)).
2. Buscamos información.
Que son e a que se deben as mareas vermellas?
Na aplicación distínguense catro plans de actuación: A, B, C e D

- **Tipo A:** situación sen ningún tipo de risco de acumulación de toxinas nos moluscos bivalvos.
- **Tipo B:** situación de alerta por posibilidade de acumulación de toxinas, con incremento progresivo da alerta en fases B1, B2 e B3.
- **Tipo C:** prohibición de extracción porque os niveis de toxinas están por riba do límite legal. Niveis de toxicidade en descenso na dirección C1-C2-C3.
- **Tipo D:** levántase a prohibición de extracción pero aínda existe toxicidade residual.

Tamén distinguen tres tipos de toxinas:

- ASP ou toxina amnésica dos moluscos
- Lipofílica
- PSP ou toxina paralizante dos moluscos

O recurso proporcionado por Intecmar resulta moi fácil de empregar pero é importante familiarizarnos con el antes de empezar

3. Propoñemos unha hipótese de traballo.

A nosa hipótese de traballo é que unha toxina afecta ao mesmo tempo ás rías próximas (situadas a menos de cincuenta quilómetros de distancia por mar).

4. Realizamos un deseño de investigación.

Empregando a páxina de Intecmar, e como mínimo durante un mes, faremos un seguimento semanal do estado dun mínimo de dúas rías diferentes. No caso de que as rías estean pechadas anotaremos que toxina provocou o peche.

5. Resultados da nosa investigación.

Analizaremos os resultados de peches e toxinas e compararemos os datos para confirmar ou non a nosa hipótese de traballo.

6. Redactamos un artigo co traballo realizado. (tes máis información no apartado do método experimental)

7. Expoñemos en clase o traballo de investigación.

Este deseño do proxecto de investigación non é máis que unha proposta.

Na túa man está modificalo para facelo o teu proxecto.